

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024987	IES de Soutomaior	Soutomaior	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e as directrices normativas recollidas a continuación:

Para a súa elaboración tivéronse en conta as directrices normativas recollidas a continuación:

- A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- O Decreto 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Resolución do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25.
- A Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, é de aplicación para o deseño desta programación a normativa para a Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia vixente neste curso 2024/25.

Xustificación da materia

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Características da contorna

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES situado en Soutomaíor. O IES de Soutomaíor está situado na localidade de Arcade, concello pontevedrés de Soutomaíor. Arcade constitúe o núcleo urbano do concello e ocupa a fronte costeira da vila. Nela atopamos os principais servizos económicos (zonas comerciais, porto pesqueiro, etc.), sociais (dispón de numerosas asociacións musicais, artísticas, grupo de teatro, etc.), culturais e de ocio (biblioteca, edificio de charlas e exposicións, porto deportivo, áreas recreativas, praias, punto de paso de peregrinos, etc.), polo que actúa como referente para as aldeas limítrofes. Soutomaíor, que cuadruplica en extensión o territorio de Arcade, en cambio, caracterízase por ser núcleo principalmente rural e de maior dispersión da poboación. O IES de Soutomaíor é un centro de recente creación (inaugurado no curso 2018-2019) con alumnado procede na súa maior parte do antigo CPI Manuel Padín Truiteiro, agora reconvertido en CEIP, así como do CEIP de Pontesampaio (Pontevedra).

Características dos grupos para os que se elabora a programación

No curso 2024/25 o centro conta con 4 grupos de 2º da ESO. A distribución de alumnos que cursan a materia de proxecto competencial é a seguinte:

- 2ºA+B: 26 alumnos e alumnas procedentes de dous grupos de 26 e 25 alumnos e alumnas.
- 2ºC: 26 alumnos e alumnas ( grupo íntegro).
- 2ºD: 25 alumnos e alumnas ( grupo íntegro).

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado tivéronse en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

Características das instalacións para desenvolver a materia nestes cursos:

As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, dispoñendo de:

- Aula onde se imparten as clases teóricas e as clases prácticas co material necesario para realizar montaxes.
- Equipos con SO maqueta Abalar e o seu software asociado.
- Conexión a internet.

- Encerado dixital e proxector.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendemos a programar.	Aprenderemos as bases da programación informática para poder levar a cabo o proxecto da segunda avaliación.	35	13	X		
2	Deseñamos e creamos un proxecto para cambiar o presente	Crearemos un proxecto de programación e robótica que mellore a vida das persoas, dando un servizo á comunidade.	35	11		X	
3	Presentamos e difundimos o noso proxecto.	Faremos a presentación do noso proxecto, traballando a comunicación na aula e usando de apoio os medios informáticos e audiovisuais.	30	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendemos a programar.	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar os recursos e materiais mínimos para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Deseñamos e creamos un proxecto para cambiar o presente	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentamos e difundimos o noso proxecto.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentación do produto final aos compañeiros da clase. Difundilo en edixgal e, se é posible, na web do centro.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levaremos a cabo o seguinte proxecto: "Programamos para o cambio", usando a programación informática e a robótica.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. A finalidade é fomentar o interese pola lectura, a cultura e a arte e desenvolver a confianza, autoestima, autonomía e traballo en equipo. O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integran o resultado final do proxecto.

Na primeira avaliación aprenderemos as bases da programación informática, usando a plataforma gratuita de código aberto MakeCode de Microsoft, baseada na programación por bloques. Ademais, explicaremos a finalidade do proxecto, buscando información sobre diferentes problemática sociais ( pobreza, cyberbullying, racismo, violencia de xénero, falta de accesibilidade das persoas con discapacidade, dificultades coas que se atopan as persoas con parálise cerebral, etc). Cada grupo deberá escoller unha temática sobre a que elaborará no seguinte trimestre un proxecto que favoreza o cambio e axude a outras persoas a identificar os problemas e aportar ferramentas para solucionarlos.

Elaboraremos un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar. Iniciaremos nesta avaliación o deseño do proxecto e a selección de materiais necesarios.

Na segunda avaliación , levaremos a cabo o deseño e construción do proxecto de robótica usando as microbit, que son unhas pequenas tarxetas programables, con sensores e actuadores, que serven para levar a cabo multitude de proxectos.

Na terceira avaliación , presentaremos á clase o resultado do noso proxecto, dándolle difusión na páxina web do centro e en makecodemicrobit.org. O proxecto poderá tamén ser difundido nunha breve presentación polo centro.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes materias:

- Matemáticas (datos, variables...).
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...).
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, probelmáticas pasadas e presentes...).
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...).
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación aos personaxes e representación da obra).
- Música e Danza (escolla da música, deseño da actuación...).

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador Edixgal
Conexión a internet
Software de edición de audio, imaxe e video. Software de simulación.
Espazo de traballo que facilite o traballo grupal
Material de robótica da aula taller de tecnoloxía (tarxetas microbit)

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste no taller de tecnoloxía , dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha observación das características dos alumnos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. A dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como para a elaboración das actividades de reforzo e de ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados da dita observación daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do departamento de orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os seguintes:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Realización e entrega das prácticas de programación feitas a través da plataforma makecodemicrobit.org (80%) Dossier con toda a información recompilada sobre a problemática social escollida (20%). Instrumento de avaliación: táboa de indicadores.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Calidade do proxecto entregado (100%). Instrumento de avaliación: táboa de indicadores.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Memoria final do proxecto (50%) e exposición oral ante o resto da clase (50%). Instrumento de avaliación: táboa de indicadores.

A nota da avaliación en xuño virá dada pola nota ponderada (35% na 1ª, 35% na 2ª e 30% na 3ª) das notas das avaliacións parciais.

### Criterios de recuperación:

Farase unha recuperación por cada avaliación suspensa. O prazo para facer esta recuperación será no primeiro mes do seguinte trimestre; na 3ª avaliación, a recuperación farase antes da avaliación final.

A recuperación farase da seguinte forma:

- A presentación de traballos sobre a UD non superada, que terán un peso do 50% na nota
- Unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas tipo test de resposta única sobre os contidos da UD. Terá un peso do 50%

Cando ao final de curso, unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas tipo test de resposta única sobre diferentes aspectos xerais traballados neste proxecto.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado que durante este curso académico esté en terceiro ou cuarto da ESO con esta materia pendente, disporá dun Plan específico como establece a orde do 8 de setembro de 2021. A recuperación da materia pendente farase da seguinte forma:

No primeiro mes do curso, deberá escoller entre dúas propostas de proxectos, que incluírán un guión cos puntos a desenvolver. De este modo:

- Na primeira avaliación entregará, unha semana antes da avaliación, un dossier coa información relacionada co proxecto escollido e a súa planificación.
- Na segunda avaliación desenvolverá o proxecto, seguindo como guía os recursos en liña e/ou Edixgal de proxectos similares, así como as aclaracións puntuais do profesor. Entregará un dossier, unha semana antes da avaliación, onde se especifica cada fase realizada.
- Na terceira avaliación, entregará a mediados de maio, unha presentación dixital da exposición do proxecto. Unha vez correxida polo profesor, será devolta para preparar a súa presentación na aula ó profesor a finais de maio.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos e relacionadas co guión inicial entregado.



Cada avaliación será baremada de 0 a 10.

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais. Será superada se ten 5 ou máis.

A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado, fará o seguimento o longo do curso. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe/a de departamento quen faga o seguimento.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con necesidades especiais (NEE) realizaranse as correspondentes adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), estableceranse as medidas de reforzo necesarias para favorecer a súa aprendizaxe.

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira.
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación.
- Desdoblamento de grupos.
- Reforzo educativo.
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.).

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X		X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X
ET.4 - Competencia Dixital	X		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	

**Observacións:**

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Coworking online	Difusión colaborativa e/ou informativa do proxecto.			X
Proxecto talentos inclusivos	Proxecto en colaboración cunha asociación de familias de persoas con parálise cerebral		X	X

### Observacións:

Participación en proxectos e/ou concursos similares que se desenvolven en liña.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha avaliación inicial. A selección e temporalización de contidos foi axeitada. Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos, permitindo un seguemento do progreso do alumnado. Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións. Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica... As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma. Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do docente, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O propio seguimento da programación será realizado en Proens cando menos, unha vez ao mes, tal e como se reflecte na normativa, deixando constancia nas actas de reunión de departamento.

## **9. Outros apartados**